

ANUNCIO

Que o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria realizada o día 27 de xaneiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación da modificación das bases reguladoras das subvencións para proxectos empresariais ou de autoemprego en municipios rurais de menor poboación.

1º) Aprobar a modificación do texto refundido das bases reguladoras das subvencións para proxectos empresariais ou de auto - emprego en municipios rurais de menor poboación, no marco do proxecto EmprendOu, publicado no Boletín Oficial da provincia de Ourense, de data 07 de xaneiro de 2021 (BOP número 4), nos seguintes termos:

Primeiro. A base primeira queda redactada da forma seguinte:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da tramitación, concesión e xustificación das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrência non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2019, 2020, 2021, 2022 e ata o 31 de marzo de 2023, no marco do proxecto EmprendOu.

Segundo. A base cuarta. Contía, quedará redactada da forma seguinte:

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes consistirá nunha axuda económica equivalente ao 75 % do salario mínimo interprofesional por cada mes de exercicio efectivo da actividade subvencionada, cun mínimo de 6 meses e un máximo de 12 meses. Estes períodos terán que cumprirse antes do 31 de marzo de 2023, data límite ata a que se subvencionarán os proxectos presentados.

2º) Publicar este acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, na data de sinatura electrónica deste documento.